



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000017

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2019

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D. José Bello López.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Javier López Vázquez.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D. Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 3 de decembro de 2019, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000017

1. EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 01/2019. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO
Expte. de Crédito extraordinario (Ref. CE 02/2019)

Vista a liquidación do exercicio 2018, da que resultou superávit orzamentario, e considerando a posibilidade de adicalo a inversións financeiramente sostibles, de conformidade co artigo 32 e a disposición adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira, en relación coa disposición adicional 16ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Resultando necesario a execución dunha escollera de mampostería en formación de muro de sostemento e colocación de varanda de madeira co fin da mellora da infraestrutura do aparcamento no campo de fútbol de Visantoña, debendo realizarse de xeito inmediato no presente exercicio.

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de créditos (referencia crédito extraordinario CE 02/2019), de conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e vistos os informes de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, mediante crédito extraordinario CE 02/2019, para aplicación do superávit orzamentario, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 23.221,38€, destinado a financiar a seguinte inversión financeiramente sostible:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Consignación inicial	Crédito extraordinario	Consignación final
933.31.61900	Xestión do patrimonio. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados a uso xeral. Mellora de infraestrutura do aparcamento no campo de fútbol de Visantoña	0,00€	23.221,38€	23.221,38€

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000017

reclamacións.

Mesía, 28 de novembro de 2019. O Alcalde, Asdo. Mariano Iglesias

Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que, así mesmo, dáse conta da conclusión do informe de intervención de estabilidade que sempre acompaña a este tipo de modificacións orzamentarias: *"En base ao exposto, o resultado da avaliación global do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, á vista da proposta de modificación de crédito CE 02/2019 que se eleva á aprobación do Pleno, con base nos cálculos detallados no presente informe, é que xera déficit en contabilidade nacional, o que determina a posibilidade de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao peche do exercicio. E si ao efectuar a liquidación do exercicio 2019 resultara efectivamente un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario, o Pleno deberá formular un Plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria co contido do artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. É polo antedito polo que se informa da necesidade de contención d gasto, a efectos de que se poida liquidar o exercicio 2019 en situación de equilibrio, isto de conformidade co preceptuado no artigo 18.1 da citada Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, que establece: "Las Administraciones Públicas harán un seguimiento de los datos de ejecución presupuestaria y ajustarán el gasto público para garantizar que al cierre del ejercicio no se incumple el objetivo de estabilidad presupuestaria."*

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que esta modificación consiste en aplicar superávit orzamentario do pasado exercicio para facer un muro de contención na pista que vai a Busto, sendo unha obra que vai dar máis amplitude e seguridade na zona do aparcadoiro. Nin que dicir ten, que si este equipo de goberno trae esta proposta ao Pleno é para aproveitar os limitados recursos que ten, e considerando que se pode facer este investimento sen incorrer en inestabilidade.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,